

SOLUCIÓN ACTIVIDADES SOBRE O ADXECTIVO E O USO DAS MAIÚSCULAS

1. De volta en Vilalba, Agapito Landín ceou cos seus homes preto do parador e aproveitou o tempo para volver repasar polo miúdo todos os datos de que dispoñían. O tenente Serafín Álvarez nunca o vira tan obsesionado. Temía un fracaso na súa terra? Traballaba en Madrid e nunca o percibira tan axitado, tan necesitado dunha resposta.

–Témolo todo sobre un dos individuos –dixo o tenente para tranquilizalo.

–Certo –recoñeceu o tenente–. Temos o ADN, o grupo sanguíneo, a pegada dos zapatos e case todo o demais, pero...

2. a) Vilalba, Madrid.
b) Agapito Landín, Serafín Álvarez.
c) ADN.
3. a) INI
b) ADEGA
c) DNI
d) NIF
e) USC
f) ONG

pág. 37

1.	Cor	Sabor	Tamaño, forma, materia	Tacto
	branco dourado escuro mouro lila	doce salgado picante acedo	fino metálico poroso diminuto groso redondo mesto espeso terso	áspero suave esvaradio brando quente frío rugoso duro

2. a) comestible

- b) nervioso
- c) caloroso
- d) abundante
- e) sensato

3. pousón/pachorrento/calmoso

- atónito/perplexo/estupefacto
- trapalleiro/chambón/chafalleiro
- espelido/listo/lizgairo
- taciturno/triste/melancólico
- testalán/teimudo/testán

4. a) mariño

- b) terrestre
- c) listado
- d) italiano
- e) materno, maternal
- f) metálico
- g) acuoso
- h) ferroso, férreo
- i) ourensán
- j) social

5. a) Divertido: divertidísimo/moi, ben, extraordinariamente divertido/superdivertido

- b) Fiel: fidelísimo/moi... fiel/requetefiel
- c) Célebre: celeberrimo/moi... célebre/supercélebre
- d) Amable: amabilísimo/moi... amable/superamable
- e) Confortable: confortabilísimo/moi... confortable/extraconfortable
- f) Pulcro: pulquérrimo/moi... pulcro/superpulcro
- g) Cruel: crudelísimo/moi... cruel/supercruel

6. a) O río máis caudaloso de Europa é o Volga.

- b) Tokio é a cidade máis poboada de Asia.
- c) O deserto máis árido do mundo é o de Atacama.
- d) A montaña máis elevada de África é o Kilimanjaro.
- e) O animal máis veloz da terra é o guepardo.

7.

Grao positivo	Grao comparativo	Grao superlativo
exquisitas, fraco, raídas, goldrento, negro, grande, grosas, amarela	tan fraco coma un home...; máis cotrosa ca calquera roupa de labor	ben curioso, máis vella e raquítica, curtísima

8. Resposta orientativa:

- De superioridade: Maruxa é máis rápida ca Antón.
- De inferioridade: Maruxa é menos egoísta ca o resto.
- De igualdade: Maruxa é tan espelida como Antón.

páx. 40

9. a) Paisaxe exótica

- b) Rexistro policial
- c) Dicionario básico
- d) Peixe fresco
- e) Pegada dactilar
- f) Cálida brisa
- g) Axenda electrónica
- h) Ordenador portátil
- i) Preguiceiro gato
- j) Intensiva xornada

10. Resposta aberta. Podería ser algún destes: nariz longo e afiado; pernas delgadas; cara engurrada; dentes afiados; pelo longo; roupa raída.

11. Un dos veciños do Martinete era un home **mu-**

do, de **longas** barbas. Coido que se chamaba Fidel, se cadra polos *barbas* da revolución **cubana**. Era un **bo** compañeiro de meu avó, o carpinteiro. Entendíanse moi ben os dous en silencio. O operario do serradoiro vestía sempre unha funda **azul** de traballo e tiña **verdadeiro** aspecto de personaxe **lendario**. Un ar de argonauta que perdera a fala nalgunha illa onde roubaban as palabras. **Corpulento** e **áxil** puña todo o seu corpo a producir signos cando quería expresar algo. Xa que logo, era o veciño máis **comunicativo** da contorna.